

NOTIFICACIÓN

Notifícasele que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data 25-02-2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- Cesión de uso en precario á Asociación As Eiroas de Propietarios e Empresarios do Polígono de Bértoa do edificio servizos municipais sito na parcela A, subparcela nº 3, do polígono empresarial de Bértoa. (02/2019 PAT.)

1.- Con data 27 de novembro de 2018, rexistro de entrada 20180000010993 de 30/11/2018, D. Antonio Gómez Caamaño, en representación da Asociación As Eiroas de Propietarios e Empresarios do Polígono de Bértoa en Carballo solicita a cesión do “antigo edificio de Promoción Económica,..., situado na parcela A da primeira fase do polígono de Bértoa”, “para a celebración nas súas instalación de actividades orientadas á dinamización económica e promoción social” “para facer deste edificio un espazo aberto a todos os usuarios do polígono”

Achega á solicitude certificación que acredita a súa representación, e copia simple dos Estatutos da Asociación.

Tratase dunha petición de cesión de uso dun ben patrimonial desta Entidade Local, non da cesión como transmisión da propiedade do mesmo.

2.- No Inventario Municipal de Bens figura inscrito o edificio sinalado coa natureza de ben patrimonial co nº de inscrición 11.248-E-1.

3.- Consta no expediente informe de valoración do edificio de data 01/10/2018.

4.- Consta no expediente informe de secretaría de 13/02/2019, sendo coñecido o seu contido.

Oído o Sr. Secretario, á vista do anteriormente exposto, e da proposta do Concelleiro delegado de Promoción Económica e Normalización Lingüística de data 14/02/2019, no expediente 2019/X999/000174, e en uso das atribucións que ten delegadas por Decreto 1938/2015 do 16/06/2015, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), ACORDA:

Primeiro.- Ceder o uso á Asociación As Eiroas de Propietarios e Empresarios do Polígono de Bértoa, co NIF G-70340088, a edificación “Edificio servizos municipais” sito na parcela A, subparcela nº 3, do polígono empresarial na parroquia de Bértoa, Carballo, descrito na inscrición nº 11-248-E-1 do Inventario Municipal de Bens, que é propiedade do Concello de Carballo coa calificación de ben patrimonial.

Edificio sito na parcela catastral: 5971723NH2866N001

Esta cesión gratuíta de uso en ningún caso supón transmisión da propiedade sobre o inmovible cedido nin constitución de dereito real sobre o mesmo.

Esta cesión gratuíta de uso non poderá exceder, incluídas as posibles prórrogas sinaladas, do prazo máximo de catro (4) anos.

Segundo.- A cesión gratuíta de uso do inmovible mencionado sometese ás seguintes condicións:

- 1) O inmovible estará destinado exclusivamente ás actividades descritas na solicitude presentada por rexistro de entrada co nº 10993 de 30/11/2018 pola Asociación As Eiroas, e en ningún caso poderá ser cedido, arrendado ou traspasado a terceiros.
A utilización do edificio municipal cedido no levará aparellada unha utilidade económica.
- 2) O cesionario obrígase a utilizar o edificio unicamente para a finalidade prevista e a manter, á súa custa, en bo estado de conservación, tanto a parcela como o edificio coas súas instalacións, así como a asumir as responsabilidades que se deriven para terceiros pola ocupación. O concesionario deberá permitir, en calquera momento, que os técnicos municipais poidan inspeccionar o estado de conservación do edificio e as instalacións existentes na parcela.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/X999/000174
2019/G006/000079

- 3) As actividades do cesionario no inmovible cedido serán exercidas libremente pola Asociación As Eiroas, non obstante o Concello de Carballo poderá realizar inspeccións para comprobar o cumprimento da finalidade da cesión.
- 4) A Asociación As Eiroas non poderá cambiar o destino do inmovible, nin utilizalo para usos distintos dos expresados. Non poderá arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente todo ou parte do inmovible obxecto de cesión.
En todo caso e se existiran, ó término da cesión de uso quedarán resoltos os posibles dereitos existentes sobre o inmovible obxecto de cesión.
- 5) A Asociación As Eiroas obrígase a conservar o inmovible obxecto de cesión en bo estado, realizando, con autorización previa do Concello, as reparacións necesarias. Serán por conta da Asociación As Eiroas os gastos de limpeza, enerxía eléctrica, auga, saneamento e en xeral o relativo á conservación e mantemento do edificio.
- 6) A Asociación As Eiroas comprométese a estar ó día en cantas licenzas e autorizacións se precisen para o desenvolvemento das actividades que realice no inmovible obxecto de cesión.
- 7) Son obrigas da cesionaria:
 - a) Exercer por sí a cesión e non cedela ou traspasala a terceiros sen a autorización do Concello, propietario do inmovible.
 - b) Indemnizar a terceiros polos danos que se ocasionen a causa do desenvolvemento das actividades que realizará a entidade cesionaria.
 - c) Satisfacer o Imposto sobre Bens Inmóveis (ou aquel que lle substitúa, se fose esixible) e os demais impostos reais esixidos polo Estado, a Comunidade Autónoma, a provincia ou o municipio, que graven a propiedade dos bens obxecto da cesión; así como as contribucións, licenzas e calquera tributo que se impongan sobre o exercicio das actividades que se realicen por parte do cesionario.
 - d) Destinar o edificio, locais e material afectos exclusivamente á prestación das actividades propias e específicas do desenvolvemento da finalidade da cesión outorgada.
 - e) Manter a máxima corrección no trato coas persoas que foran beneficiarias das actividades que se desenvolvan nas instalacións, evitando en calquera caso todo tipo de discriminación por raza, sexo, relixión, etc.
- 8) A Asociación As Eiroas, como asociación sen ánimo de lucro, non está en relación de dependencia respecto do Concello de Carballo, nin este dirixe as actividades a realizar no inmovible obxecto desta cesión de uso.
A administración municipal propietaria do inmovible non é responsable nin directa, nin subsidiariamente, dos danos tanto materiais como persoais ou morais que por acción ou omisión de calquera clase poidan producirse no recinto do inmovible obxecto de cesión.
- 9) A Asociación As Eiroas comprométese a subscribir un seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos que poidan causar por acción ou omisión derivados do uso do inmovible, e mantelo mentres dure a cesión de uso do ben.
- 10) Será causa de extinción da cesión de uso o incumprimento de calquera das condicións que a rexen, así como, as seguintes:
 - a) Transcurso do prazo da cesión, que dará lugar á reversión, sen indemnización algunha.
 - b) Mutuo acordo entre o Concello e a Asociación cesionaria. Reclamación do inmovible feita polo Concello de Carballo previo requirimento á A Asociación As Eiroas con tres meses de anticipación, así como pola devolución do mesmo por parte do cesionario.
 - c) Desaparición da entidade cesionaria, o cando aquela quede sen ningún tipo de actividade.
 - d) O cambio de actividade da entidade cesionaria, salvo que sexa autorizado polo Concello.
 - e) As causas previstas no artigo 111 do Regulamento de Bes das Entidades Locais.
- 11) Son causas de resolución da cesión de uso o incumprimento total ou parcial así como o incumprimento defectuoso das condicións impostas pola propiedade do inmovible cedido, incluíndo as que se derivan de obrigas legais e autorizacións administrativas necesarias requiríndose un previo aviso de dita resolución.
- 12) Ó termo da cesión, ou cando se produza a extinción de dereitos por calquera outra causa, o cesionario deberá, segundo a opción que lle indique o Concello nese momento, devolver o edificio ocupado, coas instalacións realizadas sobre o mesmo, ou entregar a superficie ocupada, previa demolición das construcións ou instalación efectuadas.
A cesionaria obrígase, consecuentemente, a deixar os locais e instalacións libres e vacuos, en perfecto estado de conservación e funcionamento, a disposición da Administración Municipal ao termo da

concesión, recoñecéndose a potestade municipal para acordar e executar o lanzamento de non cumprirse o pactado.

- 13) O Concello reservase o dereito a deixar sen efecto a cesión de uso gratuíta, se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, no caso de que se dera algún dos supostos previstos no art. 92.4 da LPAP.

Se por razóns alleas a esta entidade local, no se puidera exercer polo cesionario a actividade prevista no edificio cedido, se procederá á resolución da cesión, sen contraprestación económica algunha, operando a reversión.

- 14) As cuestións litixiosas que puideran xurdir sobre esta cesión de uso serán sometidas exclusivamente ós tribunais competentes con xurisdición no termo municipal de Carballo. A Asociación As Eiroas renuncia expresamente a calquera outro foro ou xurisdición que puidera corresponderlle.

Terceiro.- Anotarase no Inventario Municipal de Bens, na inscrición correspondente ó inmovible, esta cesión de uso.

Cuarto.- Este acordo farase público por prazo de vinte (20) días mediante a inserción de anuncio no B.O.P. de A Coruña para que, examinado o expediente, poidan formularse as reclamacións ou observacións que se estimen procedentes. Transcorrido dito prazo sen que se presentasen alegacións ó referido acordo, este considerárase aprobado definitivamente.

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
O secretario D. JOSE VILLAN FUERTES